

**PROGRAMA DE GOBERNO AMES
2019-2023
(PSOE-BNG-PODEMOS)**

TRANSPARENCIA

1. Aprobación do Código ético do Concello
2. Ampliación e dinamización do portal de transparencia.
3. Posta en marcha do regulamento de participación cidadá.
4. Afondar na participación e transparencia nas contas públicas.
5. Implantación xeneralizada da administración electrónica do Concello.

ADMINISTRACIÓN XERAL E PERSOAL

6. Apostar polo emprego público e de calidade.
7. Desenvolvemento do Plan de estabilización do persoal e execución da OPE (Oferta de Emprego Público)
8. Reforzar a formación profesional do persoal ao servizo do Concello.

ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN E XESTIÓN PATRIMONIAL

9. Afondar nos criterios de progresividade fiscal das taxas públicas por determinados servizos.
10. Estudio de viabilidade da municipalización do servizo de recadación municipal e da xestión tributaria.
11. Actualización e aprobación do inventario de bens municipais.
12. Reforzar os criterios de carácter social e medioambiental e de proximidade na contratación municipal.
13. Instar a revisión do IBI para que sexa aplicable aos bens da Igrexa Católica non dedicados ao culto.
14. Continuar cos orzamentos participativos, ampliándoos a novas áreas de actividade.

EDUCACIÓN

15. Ampliar a dotación de centros de ensino acordes coa planificación da demanda a medio longo prazo co impulso da construción do novo CEIP do Milladoiro e a solicitude dun novo IES.

16. Promover a ampliación da oferta formativa do Concello coa implantación de ciclos formativos de F.P. e dunha sección da Escola Oficial de Idiomas.
17. Manter a calidade do servizo de comedor escolar e reforzar a rede de instalacións necesarias.
18. Ampliación dos servizos de conciliación, co obxectivo de dar cobertura ata 2º curso da ESO.
19. Desenvolvemento de programas de apoio e reforzo educativo e impulso da colaboración coa comunidade escolar.

CULTURA, COMUNICACIÓN, TICs

20. Creación do Consello da Cultura de Ames.
21. Dinamización da Factoría como local de ensaio, difusión, intercambio.
22. Fomento das Escolas e eventos culturais.
23. Desenvolvemento de proxectos pedagóxicos na Escola Municipal de Música de Ames (EMMA)
24. Desenvolvemento do programa “Coñece o teu País”
25. Contribuír á redución da fenda dixital no rural e nos espazos públicos do concello.

LINGUA

26. Potenciación, dinamización e seguimento do uso da nosa lingua.
27. Promover o uso do galego no sector socioeconómico do Concello.
28. Continuar co programa de sensibilización das familias garantindo a participación no programa APEGO.

DEPORTES

29. Realizar o Plan Municipal Deportivo PLAMUDE 20/30
30. Ampliación e mellora das instalacións deportivas municipais
31. Ampliación do período das Escolas Deportivas Municipais
32. Posta en marcha das actividades do Plan Actívate.

BENESTAR E SERVIZOS SOCIAIS

33. Reforzo e blindaxe da renda municipal básica.
34. Continuar a blindaxe orzamentaria dos servizos sociais.
35. Ampliación da rede municipal de vivendas de tránsito.
36. Posta en marcha da Unidade de Atención Temporá.
37. Continuar co Plan municipal de eliminación de barreiras físicas, arquitectónicas e sensoriais.
38. Deseñar programas de sensibilización social ante as situacións de indefensión da infancia.

IGUALDADE

39. Promover un concello feminista, libre de violencias machistas, empático, participativo e comprometido coa igualdade real.
40. Dar mais visibilidade e publicidade aos servizos e recursos sociais na defensa da muller.
41. Promoción de actividades culturais que fomenten a posta en valor das mulleres creadoras.
42. Información e normalización da diversidade sexual en tódolos ámbitos do concello.

OBRAS E SERVIZOS BÁSICOS

43. Creación dun mapa de vías e estradas municipais que sirva como inventario.
44. Realizar unha planificación para o mantemento e mellora das pistas e vías municipais e os interiores dos núcleos rurais.
45. Posta en marcha dun plan de sendas municipal.
46. Ampliación e mellora das redes de saneamento e abastecemento, coa creación dun plan estratéxico de necesidades.
47. Mellorar o funcionamento da EDAR de Sisalde, así como xestionar con Augas de Galicia a súa ampliación.

48. Mellora do alumeado público adaptándoo ás novas tecnoloxías, fomentando o aforro enerxético.

MEDIO AMBIENTE E TRANSICIÓN ECOLÓXICA

49. Plan “Ames Horizonte 20/25”, coa inclusión de programas de aforro enerxético e de mobilidade sostible.
50. Aposta pola recuperación do Río Sar, esixindo ás Administracións competentes a execución das dotacións de depuración das augas residuais.
51. Estudio e definición de alternativas para a xestión eficiente do ciclo integral da auga.
52. Elaboración e execución dun Programa de dinamización, educación e participación medioambiental.
53. Creación das redes de sendas verdes “As ribeiras do Tambre” e “O Río Sar”.
54. Ampliación do programa de franxas de protección do plan municipal de prevención de incendios forestais.
55. Crearanse itinerarios medioambientais para peóns e bicicletas que sirvan como alternativa real ao uso do coche.
56. Creación dun voluntariado de benestar animal.

MOCIDADE

57. Impulso da dinamización e participación da mocidade, o asociacionismo e o voluntariado xuvenil.
58. Creación do Consello Municipal da Mocidade.
59. Dinamización das instalacións municipais para uso da mocidade e dotación de novos espazos para o ocio, o estudo, a formación e a creación.
60. Promoción de eventos orientados á mocidade.
61. Construción do Centro Municipal da Mocidade.
62. Creación de putos de apoio orientados ó colectivo LGTBIQ.

SAÚDE

63. Deseño e posta en marcha do Plan Municipal da Saúde e o Plan Local de Prevención de Condutas Aditivas.

64. Procurar a consecución dun “centro de día” en Ames.
65. Esixir a mellora e ampliación do Centro de Saúde de Bertamiráns.
66. Activar a Escola de Alimentación Saudable, fomentando as hortas escolares e ampliando o programa de hortas urbanas e hortas rurais.

SEGURIDADE, TRANSPORTE E TRÁFICO

67. Aprobación e posta en marcha do 1º Plan de Mobilidade Municipal.
68. Mellorar a información sobre o percorrido e frecuencia das liñas de transporte público existente.
69. Desenvolvemento do transporte municipal entre Milladoiro e Bertamiráns e do transporte rural baixo demanda.
70. Implantación de carrís-bici en diferentes puntos do Concello e implantación do servizo de aluguer de bicicletas.
71. Aposta pola senda peonil entre Milladoiro e Santiago.

URBANISMO

72. Actualizacións puntuais do PXOM para dotacións de equipamentos públicos e zonas verdes.
73. Avanzar na redución do tráfico rodado na N-550 e definición dun Proxecto de modificacións funcionais e estruturais co obxectivo da humanización da Avenida Rosalía de Castro (Milladoiro).
74. Deseño e execución da améncoa central de Bertamiráns como espazo de convivencia e ocio.
75. Posta en marcha dun Plan de actuación integral de conservación dos núcleos rurais tradicionais.
76. Impulsar a creación de novos parques e zonas verdes, xunto ao reforzo e mantemento dos existentes.

PROMOCIÓN ECONÓMICA, EMPRESA, COMERCIO

77. Posta en marcha do proxecto Coworking “A Proa”
78. Apoio á creación e/ou implantación de empresas en Ames, facilitando a información e os trámites.
79. Desenvolvemento do Programa Innov@mes ligado á distinción de Ames como “Cidade da Ciencia e a Innovación”, impulsando as actividades ligadas ás TIC, a innovación, a robótica e a transición ecolóxica.
80. Fomento e apoio ás iniciativas de comercio de produtos artesáns e/ou de proximidade, acondicionando espazos públicos axeitados.
81. Programas de fomento do emprego.

MEDIO RURAL, ATENCIÓN VECIÑAL E TURISMO

82. Aproveitar as potencialidades turísticas dos recursos naturais, culturais e patrimoniais de Ames, especificamente a través da posta en valor do Camiño de Fisterra-Muxía, Camiño Portugués e o Camiño Muros-Noia coa súa sinalización, así como os roteiros prehistóricos, de arte e cultura tradicional e rosaliano.
83. Priorizar as actuacións encamiñadas á ampliación da rede de saneamento e abastecemento no rural.
84. Programa de melloras dos locais sociais.
85. Posta en marcha do Punto Móbil de Recollida de Residuos.